

4246 REAL DECRETO 254/2003, do 28 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regula a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos. («BOE» 52, do 1-3-2003.)

O Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, incorpora ó ordenamento interno a Directiva 2000/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de abril de 2000, por a que se modifican as Directivas 79/373/CEE e 96/25/CE e recolle, entre outros, o contido da derogada Orde do 8 de outubro de 1992, relativa á circulación de pensos compostos, que incorporou, no seu día, a Directiva 79/373/CEE, relativa á circulación dos pensos compostos, así como a Directiva 91/357/CEE, pola que se fixan as categorías de materias primas para a alimentación animal utilizables na etiquetaxe dos pensos compostos destinados ós animais que non sexan os de compañía.

A normativa comunitaria citada esixe que figure na etiquetaxe dos pensos destinados a animais de produción unha declaración flexible en relación coas materias primas que os compoñen, non é necesaria a especificación de cantidades e poden declararse categorías de materias primas.

A Directiva 2002/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, pola que se modifica a Directiva 79/373/CEE do Consello, relativa á circulación dos pensos compostos e pola que se derroga a Directiva 91/357/CEE da Comisión, introduce, en relación co réxime flexible descrito, a necesidade de subministrar unha información máis detallada, tanto cualitativa como cuantitativamente, sobre as materias primas integrantes dos pensos destinados a animais de produción.

Esíxese, así, unha mención obrigatoria de tódalas materias primas presentes nos pensos compostos destinados a animais de produción e unha declaración da súa cantidade.

En relación coas medidas descritas, a Directiva citada derroga a Directiva 91/357/CEE, á que tamén se fixo mención, dado que no futuro, no caso dos pensos compostos destinados a animais de produción, xa non se poderán declarar categorías de materias primas en lugar das propias materias primas.

Por último, a Directiva 2002/2/CE establece disposicións especiais relativas á etiquetaxe dos pensos para animais de compañía, que teñen en conta o carácter especial deste tipo de pensos.

As novidades introducidas pola norma comunitaria, citada no parágrafo anterior, determinan a necesidade de realiza-las modificacións correspondentes no Real decreto 56/2002.

Por outra banda, detectados, trala publicación do referido real decreto, algúns problemas de interpretación, procédese a efectuar, ó respecto, as correccións oportunas.

Este real decreto incorpora ó ordenamento interno a Directiva 2002/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, pola que se modifica a Directiva 79/373/CEE do Consello, relativa á circulación dos pensos compostos e pola que se derroga a Directiva 91/357/CEE da Comisión.

Este real decreto díctase ó amparo do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade.

No procedemento de elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as organizacións e entidades representativas dos intereses dos sectores afectados. Así mesmo, a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre o presente real decreto.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de febreiro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro.*

O Real decreto 56/2002, do 18 de xaneiro, polo que se regulan a circulación e utilización de materias primas para a alimentación animal e a circulación de pensos compostos, queda modificada nos seguintes termos:

Un. As alíneas e) e f) do número 1 do artigo 5 substitúense polos seguintes:

«e) O nome ou razón social e o domicilio ou sede social do establecemento produtor.»

«f) O número de autorización, o número de referencia do lote ou calquera outra indicación que permita rastrea-la orixe da materia prima, se o devandito establecemento debe estar autorizado de conformidade co Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal, así como coas medidas que se adopten como consecuencia da lexislación comunitaria.»

Dous. Engádesse ó número 1 do artigo 5 unha alínea g) co texto seguinte:

«g) O nome ou razón social e o domicilio ou sede social do responsable das indicacións contempladas no presente número, cando o devandito responsable sexa distinto do produtor a que se refire a alínea e).»

Tres. As alíneas d) e j) do número 1 do artigo 15 substitúense polas seguintes:

«d) As materias primas para a alimentación animal que deban declararse, de acordo co disposto no artigo 18.»

«j) O número de referencia do lote.»

Catro. Engádesse ó número 1 do artigo 15 unha alínea l) co texto seguinte:

«l) No caso dos pensos compostos destinados a animais que non sexan animais de compañía, a mención seguinte: "a porcentaxe exacta de peso das materias primas para a alimentación animal que compoñan o devandito alimento poderá obterse dirixíndose a: ..." (indicación do nome ou razón social, enderezo ou domicilio social e número de teléfono, así como enderezo de correo electrónico, do responsable das indicacións a que se refire este punto). Esta información proporcionarase a petición do cliente.»

Cinco. Suprímense as alíneas c) e g) do número 1 do artigo 16.

Seis. Engádesse no artigo 16 un novo número 3 co seguinte texto:

«3. Os fabricantes de pensos compostos deberán poñer á disposición das autoridades encargadas de efectuar os controis oficiais, a petición destas, todo documento relativo á composición dos alimentos destinados a ser postos en circulación que permita comprobala veracidade da información que figure na etiquetaxe.»

Sete. O número 4 do artigo 17 substitúese polo texto seguinte:

«4. A data de durabilidade mínima, a cantidade neta, o número de referencia do lote e o número de autorización ou de rexistro poderán mencionarse fóra do espazo reservado ás indicacións da marca que cita o artigo 15; en tal caso, as ditas mencións irán acompañadas da indicación do lugar en que figuren.»

Oito. O artigo 18 substitúese polo texto seguinte:

«Artigo 18. *Declaración de materias primas para a alimentación animal.*

En relación coa declaración das materias primas para a alimentación animal a que se refire o artigo 15.1.d), dispónse o seguinte:

a) Tódalas materias primas que entren na composición do penso composto deberán enumerarse co seu nome específico.

b) A enumeración das materias primas para a alimentación animal para pensos compostos destinados a animais que non sexan animais de compañía estará sometida ás seguintes normas:

1.^a Enumeración das materias primas para a alimentación animal, con indicación, en orde decrecente de importancia, das porcentaxes de peso presentes no penso composto.

2.^a Polo que se refire ás porcentaxes mencionadas, permitirase unha tolerancia de +/- o 15 por 100 do valor declarado.

c) A enumeración das materias primas para a alimentación animal para pensos compostos destinados a animais de compañía estará sometida ás seguintes normas:

1.^a Enumeración das materias primas para a alimentación animal indicando a cantidade contida, ou ben mencionándoas por orde decrecente segundo o peso.

2.^a A indicación do nome específico da materia prima para a alimentación animal poderá substituírse polo nome da categoría á que pertenza a devandita materia prima para a alimentación ani-

mal, seguindo as categorías que reúnen varias materias primas establecidas no anexo VI deste real decreto.

3.^a O recurso a unha destas dúas formas de declaración, sinaladas nas regras 1.^a e 2.^a, exclúe a outra, salvo se algunha das materias primas para a alimentación animal utilizadas non pertence a ningunha das categorías definidas. Neste último caso, a materia prima para a alimentación animal, designada co seu nome específico, será mencionada por orde decrecente de importancia ponderal en relación coas categorías.

4.^a Poderase ademais facer resaltar na etiquetaxe, mediante unha declaración específica, a presenza ou o baixo contido dunha ou varias materias primas para a alimentación animal que sexan esenciais para a caracterización dun alimento. Neste caso, indícarase claramente o contido mínimo ou máximo expresado en porcentaxe de peso da materia prima ou das materias primas utilizadas, xa sexa xunto á declaración na que se destaque a materia prima ou as materias primas indicadas, xa sexa na lista de materias primas, mencionando a ou as materias primas e a súa porcentaxe de peso xunto á correspondente categoría de materias primas.»

Nove. A parte B do anexo V substitúese polo anexo deste real decreto.

Dez. Suprímese a parte A do anexo VI, pasando a denominarse a parte B, anexo VI.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ó amparo do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o anterior, os números tres, catro, cinco, seis, sete, oito e dez do artigo único deste real decreto serán de aplicación a partir do día 6 de novembro de 2003.

Dado en Madrid, o 28 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

